



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	10	Data	27/02/2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ José Manuel Míguez Santos</li> <li>▪ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boullosa</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ Javier Tomé Castro</li> <li>▪ Juan Luís López Dasilva</li> </ul>						

## Temas tratados

### 1. Lectura e aprobación, se procede, das acta da sesións anteriores.

Enviouse por correo electrónico o borrador da acta número 8, o xefe de departamento comenta que no apartado 3 do borrador de acta enviada hai unha data errada, se redacta coas modificacións e apróbbase por unanimidade.

### 2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

### 3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

**Programas internacionais.** A coordinadora Mamen Teijido solicitou unha lista dos membros do departamento de madeira interesados nalgún dos programas internacionais nos que participa o CIEFP. Os profesores que comunicaron interese en participar son Juan Carlos Garrido Álvarez e María Jesús Brañas Porto.

### Instalacións, equipos e ferramenta.

Se segue facendo o mantemento dos equipos informáticos, entre outros a instalación de programas informáticos, configuración de impresoras, etc. Comprouse unha impresora A4 para o laboratorio tal como se acordou na última reunión.





As máquinas cedidas por Mafell xa teñen o seguro polo que xa se poden utilizar.

Respecto o silo lo taller 02, a consellería transmitiu as seguintes cuestións: hai orzamento dispoñible para executar a instalación do silo, polo tanto, a finais deste curso debería estar en funcionamento.

Como se comentou na última reunión de departamento, o almacén do departamento está cheo de caixas e non hai acceso ao material, se solicita o profesorado que retire o material depositado no almacén, de non ser o caso procederase a tirar o material.

**Horarios terceiro trimestre.** Comunícase que o profesorado que quede con horas sen docencia por mor de que todos os seus alumnos realicen a FCT ou ben porque impartan menos docencia debido a que no plan de recuperación se reducen as horas de docencia, deben facer un novo horario que debe ser comunicado a xefatura de departamento, para que o transmita a xefatura de estudos. Respecto a este novo horario hai que priorizar as necesidades do departamento. Acórdase facer fincapé en dous aspectos, a realización do inventario e a promoción dos ciclos.

**Compras.** Nas últimas semanas o profesorado realizou varias compras que foron comunicadas con posterioridade. Se recorda que salvo material moi urxente non se deben realizar as compras mediante este procedemento. Tamén se recorda que os albarás que non están valorados non se poden tramitar, polo tanto o profesor que solicite o material debe encargarse de solicitar a súa valoración.

#### **4. Traballos e colaboracións.**

O Xefe de departamento recorda que cando un profesor realice traballos para o centro o comunique a xefatura de departamento.

A profesora do departamento de Servizos a Comunidade Mercedes Fernández solicita colaboración para realizar un moble para almacenar muletas e bastóns. Victoriano Tomé comenta que pode realizalo.

O CEIP Coirón-Dena solicita se o departamento de madeira pode fabricar xogos para o patio de espazos de xogos no CEIP. Vicente Cortizo Blanco está disposto a colaborar para realizar estes xogos. O CEIP ten que por a disposición do departamento o material necesario para a fabricación. Vicente Cortizo concretará os termos da colaboración.

#### **5. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.**

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

#### **6. Rolda de intervencións.**

Manolo Míguez solicita que se compre unha impresora A3 para o departamento. Acórdase comprar unha impresora A3.



José Manuel Del Valle comenta que apareceron restos de residuos nos bidóns da zona de acabado. Recorda que estes bidóns son específicos para tirar residuos contaminados procedentes das actividades de aplicación de acabado.

María Luz Lorenzo comenta que a impresora da aula HM1 apareceu con papel atascado. Solicita que en caso de que a impresora se atasque se retire o papel segundo as instrucións da impresora, ou en caso de dubida non forzar a impresora.

Javier Tomé solicita que na aula de tapizado se dispoña de un taladro de batería.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

### Acordos

- Acórdase tirar o material do almacén do departamento que non sexa retirado. Responsable: Xefe do departamento.
- Acordase que nos novos horarios dos profesores se reserven horas para facer tarefas de inventario de material e promoción da oferta educativa. Responsables: Profesorado do departamento.
- Acórdase comprar unha impresora A3 para o departamento. Responsable: Encargado de compras.
- Acórdase fabricar xogos para o CEIP Coirón-Dena. Responsable: Vicente Cortizo.

### Anexos

- Non hai

Visto e prace moderador



Victoriano Tomé Castro